

Facultade de
Dirección e Xestión Pública

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DOS CENTROS (GRAOS E MESTRADOS)

PROCEDEMENTO

Xestión da Mobilidade

CÓDIGO DO-0205 ÍNDICE 02

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura

Proceso

Planificación e desenvolvemento do ensino

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	ELABORACIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS
01	XX/XX/2023	Área de Calidade	Adaptación e aprobación do procedemento (documentación marco) no marco do programa Fides-Audit de SGC dos centros.
02	08/09/2025	Área de Calidade	Modificación do procedemento baseada nas indicacións do informe provisional de avaliación do deseño do sistema de garantía de calidade do centro

Índice

I Obxecto	4
II Alcance	4
III Referencias	4
IV Desenvolvemento	7
V Anexos	13

I OBXECTO

Definir a metodoloxía que permite xestionar os programas nacionais e/ou internacionais de intercambio (mobilidade) dos e das estudantes nos centros e nas titulacións da Universidade de Vigo.

II ALCANCE

O alcance deste procedemento esténdese ao estudantado das titulacións oficiais de grado e mestrado universitario, sexa estudantado propio ou estudantado alleo participante nos programas de mobilidade no ámbito nacional e internacional aos que se adhire a Universidade de Vigo.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación e a normativa xeral que afecta ao SGC dos centros está descrita no *Manual de calidade*. A lexislación que non está no Manual é a seguinte:

Lexislación

- Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.
- Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios e acreditación institucional de centros universitarios.
- Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o estatuto do estudante universitario.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.
- Regulamento (UE) 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello de 20 de maio de 2021 polo que se establece Erasmus+, o Programa da Unión para a educación e a formación, a xuventude e o deporte, e se derroga o Regulamento (UE) n° 1288/2013.

Outros documentos de referencia:

- Universidade de Vigo:
 - Plan estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026
 - Normativa Reguladora do procedemento para tramitar e aprobar convenios na Universidade de Vigo, aprobada na sesión do Consello de Goberno do 01-02-2022.
 - Normativa de libre mobilidade da Universidade de Vigo.
 - Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo, modificado na sesión do Consello de Goberno do 28 de xullo de 2020.
 - Normativa da Universidade de Vigo en materia de relacións internacionais.
- Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU):
 - Directrices e orientacións para a elaboración e avaliación dos planes de estudo de títulos de grao e máster en ensinanza non presencial e semipresencial (29 de novembro de 2021)

III.2. Definicións

- Mobilidade para a aprendizaxe: calquera desprazamento fíxico a un país distinto do de residencia a fin de cursar estudos, realizar unha formación ou levar a cabo unha aprendizaxe non formal ou informal. (Regulamento (UE) 2021/817).

Nota: A mobilidade é tamén aplicable no ámbito nacional.

- Aprendizaxe permanente: calquera modalidade de aprendizaxe, xa sexa formal, non formal ou informal, que teña lugar en calquera etapa da vida e que permita mellorar ou actualizar coñecementos, capacidades, competencias e actitudes ou a participación na sociedade desde unha perspectiva persoal, cívica, cultural, social ou laboral, incluída a prestación de servizos de asesoramento e orientación. Inclúe a educación infantil e coidados da primeira infancia, a educación xeral, a educación e formación profesionais, a educación superior, a educación de persoas adultas, o traballo no ámbito da mocidade, e outros contextos de aprendizaxe fose do marco da educación e a formación formais e, polo xeral, promove a cooperación intersectorial e os itinerarios de aprendizaxe flexibles. (Regulamento (UE) 2021/817).

- Estudantado propio de intercambio: estudantes que formalizaran a matrícula na Universidade de Vigo en estudos conducentes á obtención de calquera título universitario oficial participante en programas de intercambio nacionais ou internacionais de mobilidade.

- Estudantado alleo de intercambio: estudantes provenientes doutras universidades nacionais ou internacionais distintas á Universidade de Vigo que se matriculan temporalmente en estudos conducentes á obtención de calquera título universitario oficial da Universidade de Vigo no marco dun programa de intercambio nacional ou internacional de mobilidade. (Normativa da Uvigo en materia de RRII)

- Responsable de relacións internacionais do centro: persoa responsable institucional da coordinación e o apoio das actividades de formación e docencia no ámbito das relacións internacionais dunha facultade ou escola. (Normativa da Uvigo en materia de RRII)

Nota: Esta definición pode ser aplicable aos programas de mobilidade (ex.: SICUE) de cada centro no ámbito nacional.

- Titor/a académico/a de intercambio bilateral: profesorado encargado dun ou varios intercambios bilaterais. (Normativa da Uvigo en materia de RRII)

Nota: Esta definición pode ser aplicable aos programas de mobilidade (ex.: SICUE) de cada centro no ámbito nacional.

- Docencia presencial: É aquela modalidade docente na que o conxunto da actividade lectiva que enmarca o plan de estudos se desenvolve de forma presencial (interactuando o profesorado e o estudantado no mesmo espazo físico, sexa este a aula, laboratorios ou espazos académicos especializados).

- Docencia híbrida: É aquela modalidade docente na que a actividade lectiva que enmarca o plan de estudos engloba disciplinas ou materias en modalidade presencial e virtual (non presencial), sempre mantendo a unidade do proxecto formativo e a coherencia en todos aqueles aspectos académicos máis relevantes –aínda que a conxugación da dobre modalidade docente implique adaptacións dos elementos académicos a estas–. A proporción de créditos non presenciais para que un título teña a consideración de híbrido será a situada nun intervalo entre o 40 e o 60 % da carga crediticia total.

- Docencia virtual: É aquela en que o conxunto da actividade lectiva que se enmarca no plan de estudos se articula a través da interacción académica entre o profesorado e o estudantado que non require a presenza física de ambos no mesmo espazo docente da universidade. Esta modalidade caracterízase por basearse no uso intensivo de tecnoloxías dixitais da información e da comunicación. En termos de carga

crediticia, poderá definirse como impartido en modalidade virtual cando ao menos un 80 % de ECTS que o configuran se imparten na dita modalidade de ensino.

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- ANECA: Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.
- ENQA: *European Association for Quality Assurance in Higher Education* (Rede Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior).
- ORI: Oficina de Relacións Internacionais
- PDI: Persoal docente e investigador
- PTXAS: Persoal Técnico de Xestión de Administración e Servizos.
- RD: Real decreto
- RRII: Relacións internacionais
- RR: Resolución Reitoral
- SGIC: Sistema de garantía interna de calidade
- SICUE: Sistema de intercambio entre centros universitarios españois

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do procedemento

Mellorar o desenvolvemento das actividades orixinadas polos estudos do estudantado que se realizan ao abeiro dos programas nacionais e/ou internacionais de intercambio, de forma que:

- impulsen a mobilidade e contribúan a unha formación de calidade no marco do Espazo europeo de educación superior,
- contribúan á formación integral do estudantado complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica,
- obtense unha experiencia práctica que complemente a adquisición de competencias técnicas e persoais
- permitan alcanzar os obxectivos de mobilidade dos centros e das titulacións.

IV.2. Responsable do procedemento

- Responsable da Facultade de mobilidade ou relacións externas (nacionais e/ou internacionais)

IV.3. Indicadores

Para a medición dos resultados asociados a este procedemento terase en conta o panel de indicadores centralizado segundo o establecido no procedemento “*DE-02 Seguimento e Medición*”.


A descrición e o modo de cálculo destes indicadores están definidos no catálogo de indicadores, dispoñible no portal de transparencia da Universidade de Vigo.


IV.4. Diagrama de fluxo


Xeneralidades:


A xestión da mobilidade dos programas de intercambio de ámbito internacional é coordinada, no ámbito institucional, pola ORI no cadro da vicerreitoría competente en relacións internacionais.

A xestión da mobilidade dos programas de intercambio de ámbito nacional é coordinada, no ámbito institucional, polo Servizo de Alumnado no cadro da vicerreitoría competente.









V ANEXOS

Documentos

Non hai anexos asociados a este documento

Rexistros

Identificación do rexistro		Soporte orixinal	Lugar de arquivo	Responsable da custodia (órgano/posto)	Duración
Código	Denominación				
R1 DO-0205	Listaxe(s) de estudantado propio seleccionado	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos
R2 DO-0205	Listaxe(s) de estudantado de mobilidade alleo	Electrónico	Aplicación do SGC- Páxina web do centro	Coordinador/a de Calidade do Centro	6 anos